

MATILDE SERAO

A virtude de Checchina

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Susanna, a criada, foi abrir. Levaba posto un vestido descolorido de frisa gris coa saia recollida cara a arriba e suxeita nas cadeiras, de maneira que deixaba á vista un biso luído de algodón escuro, e por riba del un mandil dunha tea basta enzoufado de manchas de graxa. Termaba dunha baeta fedorenta.

Ao entrar, Isolina fixo un xesto de desgusto.

—Está Checchina? —preguntou.

—Está, si —contestou Susanna, apertando os seus finos beizos de santona.

—E que fai?

—Estamos limpando os mobles con petróleo.

—Xa dicía eu que imbraba! Aínda ides coller unha enfermidade!

—O fedor do petróleo non fai dano.

—Vaille dicir a Checchina que estou aquí e que teño que falar con ela con urxencia, rápido —e quitou do peto un pano perfumado do *Jockeyclub* para tapar o nariz.

Susanna marchou encollida de ombreiros, cun lixeiro ceno de desprezo.

Isolina acomodouse no sofá de cretona amarela e flores vermellas, moi ríxido e co respaldo recto, dende onde observaba distraída o salón. Había catro cadeiras de brazos tapizadas cunha tea similar á do sofá e uns panos cadrados de gancho para protexer o respaldo dos unguentos das cabezas; estaban colocadas ao redor dunha mesa redonda de mármore branco. Encol do mármore, sen tapete, unha palmatoria de gutapercha cobreada e un quinqué de aceite dun modelo antigo, sen pantalla. A maiores, seis cadeiras de madeira negra, coa cor esvaída, que semellaban sempre cheas de po, e mais unha repisa de mármore gris sobre a que pousaban seis cuncas de porcelana branca; a cafeteira e o azucreiro; dúas caixas de confeitos baleiras e vellas, unha de satén verde pálido e a outra de rafia con borlas; e un pratiño con froitas artificiais, tamén de mármore, pintadas de cores vivas: o figo, a mazá, o pexego, a pera e un acio de cereixas. Ademais, víase unha mesa pequena para xogar, cuberta cun pano verde, coas pezas laterais pregadas. A única fiestra da estancia tiña unhas cortinas de tule bordado moi transparentes e finas, ornadas cunhas fitas de cretona. Diante do sofá había unha pequena alfombra. Iso era todo. Ía frío naquel salón xélido, naquela penosa mañá outoniza.

Isolina engruñouse no seu gabán negro, o cal lle confería unha aparencia elegante. Logo, moi efusiva, lanzouse ao pescozo de Checchina, que sorría con tranquilidade diante dela.

—Por fin te vexo, corazón! Xa me tardaba, nena! Xúroche que tiña a sensación de que levaba mil

